

A Cruña
10.6.74

Luis Seoane
Bs. As.

Meu querido e admirado Seoane:

Contesto a tua do 23 do mes pasado. Debiache carta, sí. Ben vexo que levas unha boa contabilidade. Mais nono fixen denantes por mor dunha viaxata que argallamos polas terras do Al-Andalus pra lle facer unha visita ao noso fillo. E, xa sabes, entre o pre viaxe, o viaxe e o postviaxe, ficóu todo demorado. Pasámolo moi ben. Impresionóunos, especialmente, Córdoba. Alí batemos con vellos e conocidos amigos. Séneca, Averroes, Ibn Hassam, Maimónides, Góngora, Duque de Rivas e ... mesmo Manolete, deixámoslos, previo o coñecemento abstracto que deles tiñamos, cáseque vivencialmente in corporados a nós. E Granada, Motril, Málaga, Ronda, Arcos, Sevilla, Cádiz, Huelva, Rábida, Palos, Moguer, pra voltar por Itálica, Mérida, Trujillo, Cáceres, Yuste, Guadalupe, Plasencia, Salamanca e Zamora. Como verás, polos camiños da millor historia galega. Por que xa sabemos -tí nolo dixeches- que sempre haberá un paisán noso remexendo nos feitos que aqueles nomes evocan. E, claro está, non deixamos de lembrarte ao noso paso pola serraña xienense, afogada a súa soedade e desertización polos colonos galegos e cataláns -e alemáns católicos- asentados no XVIII por Carlos III nas vellas "Nuevas Poblaciones" ... Mais, vaíamos ao noso.

Fai xa máis de vinte dias que fixen entrega ao noso amigo do anteproyecto dos Estatutos polos que se ha gobernar a nova Fundación. Entreguéillo pra que fixera nél as observacións que a ben tivera. Estóu en agarda das mesmas. Polo de pronto vexo que do -tíduo desaparece o nome de Castelao. Que era, si mal non recordo, idea túa incorporalo ao nome da Fundación. Tan axiña teña algunha nova verbo do choio, faréicha saber. Deica o de agora somentes fa lóu da comenencia de estudar a incorporación ao Consello ou Padroa do da Fundación dun representante dunha nonnata asociación de "Ami gos" que, naturalmente, habería que constituir. Ben se ve que a simplicidade, que a sinxeleza e que a esencialidade non entran no cánon estético e social do noso amigo. A impronta do seu delirante barroquismo fica sempre ben patente onde queira que toque. Con todo, téñolle lei.

O Dia das Letras foi un éisito. Tivo moi boa acollida - tanto nos medios populares como nos culturáis e nos de comunicación social. Semella que é festa que callóu na concencia do país. O nome de Viqueira, cáseque esquecido, foi unha revelación pra moitos.

Tamén estivemos en Padrón co gallo da imposición a Alvaro Gil desa trapallada do "pedrón de ouro". Vimonos amigos de toda Galicia. O Alvaro estivo algo amolado coa "festa", mais nona puido refugar. Sgica foi presionado por compromisos que non foi quen de vencer. O Isaac lanzóu, no nome do "Museo Maside", unha fermosa medalla conmemorativa. O etnógrafo portugués Santos Junior foi o mantendor do acto. E no xantar, en Rois, falou don Ramón Otero.

E pra rematar, queremos que seipades da nosa ledicia pola noticia do voso próisimo viaxe á Terra. Entramentras, de nolos dous pra volos dous, cinguidas apertas.

Douga)